

# Cara ao compromiso

## Discurso denunciatorio

ROMÁN RAÑA

Falamos dunha anterior obra de Calros Solla, *Cerdedo in the voyager*, e definíamolo como francotirador das nosas letras, como un ofsider e como un iconoclasta. Agora que lemos a súa obra actual, *Pan prós crocodilos*, podemos comprobalo. Efectivamente, este poemario reafirma a condición ex-céntrica do seu discurso poético. Foxe do centro da república e percorre vieiros irascíbeis, mais a ira está mitigada, amparada ou cuberta de fortes ironías e de doloroso sarcasmo. Esta carapaza agacha unha fonda amargura perante as múltiplas incoherencias do mundo. A pouco que escarvemos descubriremos que o albo de todos os ataques é o fascismo e a ditadura franquista que, como un quiste, se apoderou dos galegos e practicou o exterminio. Ben explícitos son os poemas onde se fala da familia represaliada “meu pai morreu na Lomba de Meilide” e se reivindica a verdadeira memoria histórica, “Longa noite de Pdre”, daqueles que perderon a vida vilmente e foron abalados nas beiras das estradas onde seguen a

reclamar xustiza e redención: “douren louzás as centeeiras,/moian lixeiros os muinhos, cozan fartas as atafonas;/que a enfornada de hoxe/ha saciar tanta fame coma xustiza coubo nas tripas.”

Tamén é vítima do látego da sátira a sociedade conservadora de todos os lugares, os autochamados bilingües que en realidade desexan a desaparición da nosa lingua e a disolución da nosa nación; os sicarios do capitalismo más brutal; os fanáticos católicos que desexan castrar a sociedade civil para impor a súa visión represiva da relixión (“igrexa eXplícita”); contra os pederastas (“nosferatu procura na internet/braguínas brancas”); contra o imperialismo sionista (“en Gaza, tras a Porta da Morte, fumegan os fornos crematorios”); contra o escravismo e a explotación infantil; contra as guerras, etc.

Calros Solla inclina a súa pluma cara ao compromiso, cara á militancia contra a infamia universal. Hai gotas de ironía no medio dun esmagante discurso denunciatorio. Mais elas non teñen o poder suficiente para atenuar a força da denuncia nem para acentuala. Quizais non o procure e por iso neste catálogo de vulnerada humanidade vaia establecendo o seu decálogo radicalmente libertario, onde os seus pensamentos e sentimientos meten o dedo na chaga, para ferir e abrir conciencias. *SOLLA, Carlos, Pan prós crocodilos, Ed. Barbantesa, Cangas, 2010, PVP 10 €*

